

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10651 *Real decreto 949/2018, do 27 de xullo, polo que se modifica a contía da subvención ao transporte regular, aéreo e marítimo dos residentes nos territorios non peninsulares co resto do territorio nacional, de conformidade co previsto na disposición adicional centésimo cuadraxésimo sétima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

A disposición adicional décimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, contén o réxime xurídico das subvencións ao transporte regular, marítimo e aéreo, para residentes nas comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears e nas cidades de Ceuta e Melilla e fixa no 50 por cento a porcentaxe da bonificación no transporte entre o respectivo territorio e o resto do territorio nacional.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, na súa disposición adicional centésimo cuadraxésimo sétima, autoriza o Goberno para que, durante o ano 2018 e con vixencia indefinida, aumente ao 75 por cento a porcentaxe da bonificación dos servizos de transporte regular, marítimo e aéreo, de pasaxeiros para os traxectos entre as comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears e as cidades de Ceuta e Melilla (en diante, territorios non peninsulares) co resto do territorio español.

Este real decreto fai uso desa autorización e incrementa ao 75 por cento a porcentaxe das bonificacións ao transporte regular, marítimo e aéreo, dos cidadáns residentes nos territorios non peninsulares entre o territorio da respectiva comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía e o resto do territorio nacional.

O proxecto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Responde aos principios de necesidade e eficacia, dado que se xustifica por razóns de interese xeral especificadas na autorización ao Goberno conferida polo Parlamento na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. É proporcional, por canto contén o réxime mínimo imprescindible para a aplicación da medida e atende aos principios de seguranza xurídica, engrenándose con coherencia no ordenamento xurídico, e de transparencia ao posibilitar a participación activa na súa tramitación e ao definir claramente os seus obxectivos.

Este real decreto foi sometido a informe dos órganos competentes en materia de transporte das comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears, así como das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e, por outra parte, de conformidade co previsto na disposición adicional terceira da Constitución española e no artigo 46.3 do Estatuto de autonomía de Canarias, aprobado pola Lei orgánica 10/1982, do 10 de agosto, foi obtido o informe do Parlamento Canario.

En aplicación do previsto no artigo 27 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2018, acorda a tramitación urxente do procedemento de elaboración e aprobación deste real decreto, para permitir que a medida establecida nel se poida aplicar o antes posible en beneficio dos seus destinatarios.

O artigo 149.1. 20.^a da Constitución atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e transporte aéreo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, co informe do Ministerio de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Incremento da contía da bonificación ao transporte regular, marítimo e aéreo, de pasaxeiros entre os territorios non peninsulares e o resto do territorio nacional.*

A porcentaxe das bonificacións ao transporte regular, marítimo e aéreo, para residentes en Canarias, Illes Balears, Ceuta e Melilla, establecida nos números dous e tres da disposición adicional décimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, para os traxectos directos, xa sexan de ida ou de ida e volta, entre o respectivo territorio non peninsular e o resto do territorio nacional queda fixada, con carácter indefinido, no setenta e cinco por cento.

Salvo o disposto no parágrafo anterior en relación coa porcentaxe da bonificación da tarifa do servizo regular dos traxectos directos entre o respectivo territorio non peninsular e o resto do territorio nacional, os números dous e tres da disposición adicional décimo terceira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, seguirán sendo aplicables nos seus propios termos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o ministro de Fomento e a ministra de Facenda para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan precisas para a aplicación do establecido neste real decreto

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación aos billetes emitidos polas compañías aéreas e marítimas desde as 9:00 horas, hora peninsular, do día 16 de xullo de 2018.

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO